conocido como el edificio azul está sin actividad lectiva desde la inauguración de uno nuevo aulario. Desde 2019 este espacio educativo está cedido por el Consejo Escolar del centro al AMPA para el desarrollo del amplio catálogo de actividades extraescolares que realiza y que acoge un volumen muy alto de alumnado. La situación que presenta este edificio es un deterioro visible: grietas en la fachada con desprendimientos, filtración de humedades, caída de un canalón, problemas en el sistema eléctrico, entre otros muchos, que llevaron a hacer un informe negativo desde el Área de Edificación municipal que está impidiendo el desarrollo de actividades de la AMPA en este edificio. Mientras, ni Xunta, ni Gobierno local se implican para encontrar una solución para la adecuación de este edificio escolar tan necesario para la comunidad educativa. Ahora, el AMPA se ve obligada a trasladar una parte de su programa de actividades a las aulas cedidas en el propio colegio, pero tendrán que renunciar a continuar a otra parte muy importante, con el consecuente perjuicio para el alumnado y familias. Un problema del que se está desentendiendo tanto el Gobierno local como la propia Xunta de Galicia como administración con competencias plenas en educación. Nos sorprende entre tanto que con el edificio en estas condiciones de inseguridad, desde el Gobierno local se haya acometido recientemente una reforma integral de todas las ventanas del edificio a través de los presupuestos participativos.

En consecuencia, desde o BNG, realizamos o seguinte rogo: que o Goberno local se comprometa a estudar, de forma coordinada co Goberno da Xunta e a comunidade educativa do centro, un proxecto de rehabilitación integral do edificio azul do CEIP Emilia Pardo Bazán, para dar un servizo digno e seguro a esta comunidade educativa.

En consecuencia, desde el BNG, realizamos el siguiente ruego: que el Gobierno local se comprometa a estudiar, de forma coordinada con el Gobierno de la Xunta y la comunidad educativa del centro, un proyecto de rehabilitación integral del edificio azul del CEIP Emilia Pardo Bazán, para dar un servicio digno y seguro la esta comunidad educativa.

Quinto. Rogo a respecto de Protección Civil.

Señor Soto Díaz

Rogo oral a respecto do Servizo de Protección Civil.

A agrupación de voluntariado de Protección Civil ten como finalidade social a colaboración desinteresada na protección das persoas, dos bens e do medio ambiente en situacións de xestión de riscos e de emerxencias. No seu 40 aniversario, a alcaldesa dixo: sabedes que podedes contar con esta alcaldesa e con este Goberno sempre que o precisedes e espero que sexan moitos máis anos os que sigamos compartindo este camiño. Así o recolle a noticia colgada na web municipal. Porén, a realidade é que pouco o ningún caso se lle está a facer a Protección Civil na Coruña. Non se están a planificar con tempo a cobertura dos postos de traballo del servizo municipal e non está a haber un diálogo fluido nin facilidades para que a agrupación da Coruña poda cumprir o seu papel. Por exemplo, o Concello pagou dous contratos menores para software do Servizo municipal: un de 4.890 euros, adxudicado o 21 de agosto para software deseñado para o Servizo de Protección Civil, outro de 4.960, adxudicado o 11 de agosto de 2025 para software á medida Modulo 2. En teoría estes softwares tiñan que funcionar para ofrecer unha imaxe pública e externa, con información pública xeral e tamén cumprir unha función interna, tanto para o voluntariado como para o Servizo municipal de Protección Civil. A realidade é que este software non está a cumprir estas funcións, xa que non se lle está a facilitar o uso á agrupación de voluntariado de Protección Civil.

No que ten que ver cos almacéns,

Quinto. Ruego respecto a Protección Civil.

Señor Soto Díaz

Ruego oral respecto al Servicio de Protección Civil.

La agrupación de voluntariado de Protección Civil tiene como finalidad social la colaboración desinteresada en la protección de las personas, de los bienes y del medio ambiente en situaciones de gestión de riesgos y de emergencias. En su 40 aniversario, la alcaldesa dijo: sabéis que podéis contar con esta alcaldesa y con este Gobierno siempre que lo necesitéis y espero que sean muchos más años los que sigamos compartiendo este camino. Así lo recoge la noticia colgada en la web municipal. Sin embargo, la realidad es que poco o ningún caso se le está haciendo a Protección Civil en A Coruña. No se están planificando con tiempo la cobertura de los puestos de trabajo del servicio municipal y no está habiendo un diálogo fluido ni facilidades para que la agrupación de A Coruña pueda cumplir su papel. Por ejemplo, el Ayuntamiento pagó dos contratos menores para software del Servicio municipal: uno de 4.890 euros, adjudicado el 21 de agosto para software diseñado para el Servicio de Protección Civil, otro de 4.960, adjudicado el 11 de agosto de 2025 para software a la medida Modulo 2. En teoría estos softwares tenían que funcionar para ofrecer una imagen pública y externa, con información pública general y también cumplir una función interna, tanto para el voluntariado como para el Servicio municipal de Protección Civil. La realidad es que este software no está cumpliendo estas funciones, ya que no se le está facilitando el uso a la agrupación de voluntariado de Protección Civil.

En lo referido a los almacenes,

actualmente ningunha persoa responsable da agrupación, nin o funcionariado municipal con responsabilidade operativa sobre os voluntarios ten acceso a ese material que precisarían en caso de emerxencia. Parte dese material foi conseguido e cedido polos propios voluntarios da agrupación. De feito, xa aconteceu en dúas ocasións que as persoas que teñen as chaves non estaban na Coruña durante dúas emerxencias e as persoas voluntarias tiveron que saír sen o material correspondente.

actualmente ninguna persona responsable de la agrupación, ni el funcionariado municipal con responsabilidad operativa sobre los voluntarios tiene acceso a ese material que necesitarían en caso de emergencia. Parte de ese material fue conseguido y cedido por los propios voluntarios de la agrupación. De hecho, ya sucedió en dos ocasiones que las personas que tienen las llaves no estaban en A Coruña durante dos emergencias y las personas voluntarias tuvieron que salir sin el material correspondiente.

Por outra banda, tampouco se está a informar adecuadamente ao voluntariados sobre como van os distintos procesos que lles afectan, nin administrativos, nin operativos.

Por otra parte, tampoco se está informando adecuadamente al voluntariados sobre cómo van los distintos procesos que les afectan, ni administrativos, ni operativos.

En consecuencia, o BNG realiza o seguinte rogo: que o Goberno local cubra adecuadamente os postos de traballo do Servizo municipal de Protección Civil. A concelleira do ramo indicoume que xa se está traballando niso, cousa que agradecemos.

En consecuencia, el BNG realiza el siguiente ruego: que el Gobierno local cubra adecuadamente los puestos de trabajo del Servicio municipal de Protección Civil. La concejala del ramo me indicó que ya se está trabajando en eso, cosa que agradecemos.

Tamén rogamos que se mellore o software para permitir á agrupación de voluntarios funcionar internamente pero que tamén sexa un escaparate informativo da súa intensa actividade en pro de esta cidade, que se ofreza unha solución para que as voluntarias e os voluntarios de Protección Civil poidan acceder o seu material en caso de emerxencia, que se manteña informada regularmente á agrupación de voluntariado mediante os seus responsables mantendo un diálogo fluído cos mesmos e, finalmente, que se lle dea o voluntariado da Protección Civil o trato e consideración que se merecen.

También rogamos que se mejore el software para permitir a la agrupación de voluntarios funcionar internamente pero que también sea un escaparate informativo de su intensa actividad en pro de esta ciudad, que se ofrezca una solución para que las voluntarias y los voluntarios de Protección Civil puedan acceder a su material en caso de emergencia, que se mantenga informada regularmente a la agrupación de voluntariado mediante sus responsables manteniendo un diálogo fluido con los mismos y, finalmente, que se le dé al voluntariado de la Protección Civil el trato y consideración que se merecen.

Sexto. Rogo oral para que o Concello da Coruña conmemore o 125 aniversario da Folga Xeral de 1901.

Sexto. Ruego oral para que el Ayuntamiento de A Coruña conmemore el 125 aniversario de la Huelga General de 1901.

Rogo oral a respecto da conmemoración do 125 aniversario da folga xeral de 1901.

Ruego oral respecto a la conmemoración del 125 aniversario de la huelga general de 1901.

En maio de 1901 tivo lugar na nosa cidade a que está considerada por la historiografía galega como a primeira folga obreira de carácter xeral na historia deste país. Fanse, por tanto, 125 anos dun acontecemento histórico que marcaría o devir das seguintes décadas na Coruña e na súa comarca e acabaría de conformar a estrutura dun vizoso movemento obreiro que xa viña organizándose no século anterior. A chamada durante moitos anos como "Folga dos consumos", vinculada ós impostos así chamados, de infame recordo para as clases populares galegas, quedou gravada a lume na historia da Coruña pola brutal represión que padecerían as traballadoras e traballadores que se mobilizaron, especialmente no sucesos do 30 de maio, primeiro nas proximidades da antiga Estación do Norte, hoxe rúa Cabaleiros, e logo no Obelisco e por toda a Pescaría. Gravada está tamén esa memoria en forma de monumento funerario no cemiterio de Santo Amaro.

En mayo de 1901 tuvo lugar en nuestra ciudad la que está considerada por la historiografía gallega como la primera huelga obrera de carácter general en la historia de este país. Se cumplen, por tanto, 125 años de un acontecimiento histórico que marcaría el devenir de las siguientes décadas en A Coruña y en su comarca y acabaría de conformar la estructura de un activo movimiento obrero que ya venía organizándose en el siglo anterior. La llamada durante muchos años como "Huelga de los consumos", vinculada a los impuestos así llamados, de infame recuerdo para las clases populares gallegas, quedó grabada a fuego en la historia de A Coruña por la brutal represión que padecerían las trabajadoras y trabajadores que se movilizaron, especialmente en los sucesos del 30 de mayo, primero en las proximidades de la antigua Estación del Norte, hoy calle Caballeros, y luego en el Obelisco y por toda la Pescadería. Grabada está también esa memoria en forma de monumento funerario en el cementerio de San Amaro.

En consecuencia, o Grupo municipal do BNG realiza o seguinte rogo: que o Goberno municipal programe no que queda de ano a conmemoración do 125 aniversario da folga xeral de 1901 mediante a programación de eventos, exposicións, publicacións divulgativas ou outro tipo de formatos.

En consecuencia, el Grupo municipal del BNG realiza el siguiente ruego: que el Gobierno municipal programe en lo que queda de año la conmemoración del 125 aniversario de la huelga general de 1901 mediante la programación de eventos, exposiciones, publicaciones divulgativas u otro tipo de formatos.

Aquí rematamos, grazas.

Aquí finalizamos, gracias.

Sétimo. Rogo oral a respecto do recorte horario na sala municipal de estudo do Circo de Artesáns.

Séptimo. Ruego oral respecto al recorte horario en la sala municipal de estudio del Círculo de Artesanos.

Señora Veira González

Señora Veira González

Perdón que me esquecín dun rogo, é

Perdón que me olvidé de un ruego, es sobre

sobre o recorte horario na sala municipal de estudo do Circo de Artesáns.

Desde este pasado 1 de xuño, a sala de estudo municipal situada no segundo andar do edificio da Reunión Recreativa e Instrutiva de Artesáns, en funcionamento desde marzo de 2023, ven de recortar nunha hora o seu horario de peche, das 22 horas ás 21 horas. Non será o único cambio no horario do que veñen de ter coñecemento as persoas usuarias deste equipamento, único na cidade, tanto pola súa céntrica situación, como polas súas condicións de apertura.

A partir deste próximo mes de xullo, a aula de estudo pechará os domingos. As condicións con que en marzo de 2023 comezou a funcionar esta sala —apertura os sete días da semana ó longo de todo o ano, agás festivos, de 9 a 22 horas e con tan só unha hora de peche o mediodía, para tarefas de limpeza— fixo dela un recurso único en toda a cidade, moi valorado por persoas que teñen que dedicar moitas horas ó estudo, por exemplo, aquelas que están a preparar oposicións ou a desenvolver proxectos de investigación ou outros traballos académicos. Os cambios nesas condicións supoñen agora un serio prexuízo para as persoas usuarias, sobre todo, se non se lles facilita a suficiente información, e o máis importante, se non se lles da outra alternativa.

En consecuencia, o Grupo municipal do BNG realiza o seguinte rogo: que o Goberno municipal procure e facilite unha alternativa ás persoas usuarias da sala municipal de estudo do Circo de Artesáns en iguais condicións horarias ás que viñeron desfrutando nos último tres anos.

ROGOS ORAIS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

el recorte horario en la sala municipal de estudio del Circo de Artesanos.

Desde este pasado 1 de junio, la sala de estudio municipal situada en el segundo piso del edificio de la Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos, en funcionamiento desde marzo de 2023, acaba recortar en una hora su horario de cierre, de las 22 horas a las 21 horas. No será el único cambio en el horario del que tendrán conocimiento las personas usuarias de este equipamiento, único en la ciudad, tanto por su céntrica situación, como por sus condiciones de apertura.

A partir de este próximo mes de julio, el aula de estudio cerrará los domingos. Las condiciones con las que en marzo de 2023 comenzó a funcionar esta sala —apertura los siete días de la semana a lo largo de todo el año, excepto festivos, de 9 a 22 horas y con tan sólo una hora de cierre al mediodía, para tareas de limpieza— hizo de ella un recurso único en toda la ciudad, muy valorado por personas que tienen que dedicar muchas horas al estudio, por ejemplo, aquellas que están preparando oposiciones o desarrollando proyectos de investigación u otros trabajos académicos. Los cambios en esas condiciones suponen ahora un serio perjuicio para las personas usuarias, sobre todo, si no se les facilita la suficiente información, y lo más importante, si no se les da otra alternativa.

En consecuencia, el Grupo municipal del BNG realiza el siguiente ruego: que el Gobierno municipal busque y facilite una alternativa a las personas usuarias de la sala municipal de estudio del Círculo de Artesanos en iguales condiciones horarias a las que vinieron disfrutando nos último tres años.

RUEGOS ORALES PRESENTADOS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR

Primeiro. Relativo a accesibilidade no Concello da Coruña.

Intervencións

Presidencia

Ben moitas, grazas, turno para os rogos do Partido Popular.

Ás trece horas e trinta e tres minutos sae do Salón de Sesións a señora Veira González.

Señora López Sánchez

Grazas señora alcaldesa eu sei que é vostede moi fan do dicionario da RAE entón, arar a terra con burro é unha técnica tradicional de tracción animal que está a rexurdir na agricultura ecolóxica sostible.

Presidencia

Señora López, é o turno... Non ten a palabra. Mire, a quenda é para os rogos, non é para a replicar os chascarrillos. Garde silencio señor Mora, que vostede tampouco ten a palabra. Pode por favor utilizar a quenda para os rogos orais, que é o punto no que estamos.

Señora López Sánchez

Si, está vostede errada sen h.

Rogo oral relativo a accesibilidade do Concello da Coruña.

O Grupo municipal do Partido Popular realiza o seguinte rogo: o cambio do elevador da entrada, que non permite o acceso a moitos usuarios de cadeiras de rodas automáticos debido o seu tamaño, instalando un máis moderno que permita unha maior autonomía; a instalación dun timbre na entrada accesible para usuarios

Primero. Relativo a accesibilidad en el Ayuntamiento de A Coruña.

Intervenciones

Presidencia

Bien muchas, gracias, turno para los ruegos del Partido Popular.

A las trece horas y treinta y tres minutos sale del Salón de Sesiones la señora Veira González.

Señora López Sánchez

Gracias señora alcaldesa yo sé que es usted muy fan del diccionario de la RAE entonces, arar la tierra con burro es una técnica tradicional de tracción animal que está resurgiendo en la agricultura ecológica sostenible.

Presidencia

Señora López, es el turno... No tiene la palabra. Mire, el turno es para los ruegos, no es para replicar los chascarrillos. Guarde silencio señor Mora, que usted tampoco tiene la palabra. Puede por favor utilizar el turno para los ruegos orales, que es el punto en el que estamos.

Señora López Sánchez

Sí, está usted errada sin h.

Ruego oral relativo a la accesibilidad del Ayuntamiento de A Coruña.

El Grupo municipal del Partido Popular realiza el siguiente ruego: el cambio del elevador de la entrada, que no permite el acceso a muchos usuarios de sillas de ruedas automáticas debido a su tamaño, instalando uno más moderno que permita una mayor autonomía; la instalación de un timbre en la entrada accesible para

en cadeira de rodas que permita avisar ó persoal correspondente; facilitar a orientación nas salas e no edificio a través de pictogramas ás persoas con discapacidade cognitiva; facilitar os desprazamentos dentro do recinto así como os contidos e a información usando braille, audioguías e vídeos audiodescritos para aquelas persoas con discapacidade visual e instalar un sistema de bucle magnético no Salón de Plenos, así como dispor de equipos de frecuencia modulada para persoas con discapacidade auditiva. Grazas.

usuarios en silla de ruedas que permita avisar al personal correspondiente; facilitar la orientación en las salas y en el edificio a través de pictogramas a las personas con discapacidad cognitiva; facilitar los desplazamientos dentro del recinto así como los contenidos y la información usando braille, audioguías y videos audiodescritos para aquellas personas con discapacidad visual e instalar un sistema de bucle magnético en el Salón de Plenos, así como disponer de equipos de frecuencia modulada para personas con discapacidad auditiva. Gracias.

Segundo. Rogo oral relativo á localización das prazas PMR.

Señora Catalán Morcillo

Moitas grazas. Rogo oral relativo á localización das prazas PMR.

Nas respostas do pleno de marzo, o Goberno municipal indica que é a Oficina Técnica da Área de Mobilidade quen informa de todas as actividades relacionadas coas prazas para persoas con mobilidade reducida estendidas por toda a cidade. Non é a primeira vez que nos atopamos con prazas PMR situadas en estacionamentos en cordón, con risco para os condutores e para acompañantes, senón tamén con bordos sen rebaixe oportuno, situación próxima a contedores ou a outro mobiliario urbano, con zona de aproximación e transferencia lateral inferior a 1,5 ou ben situadas en pendente, incumprindo así as condicións mínimas de seguridade recollidas na normativa española de accesibilidade, onde se establece por exemplo que esas prazas de PMR deben situarse ou situarse, preferentemente, en superficies horizontais ou cunha pendente mínima. Xa sabemos que a planificación non é o forte deste Goberno, polo que rogo que conforme aos criterios de

Segundo. Ruego oral relativo a la ubicación de las plazas PMR.

Señora Catalán Morcillo

Muchas gracias. Ruego oral relativo a la ubicación de las plazas PMR.

En las respuestas del pleno de marzo, el Gobierno municipal indica que es la Oficina Técnica del Área de Movilidad quien informa de todas las actividades relacionadas con las plazas para personas con movilidad reducida extendidas por toda la ciudad. No es la primera vez que nos encontramos con plazas PMR ubicadas en estacionamientos en cordón, con riesgo para los conductores y para acompañantes, sino también con bordillos sin rebaje oportuno, situación próxima a contenedores o a otro mobiliario urbano, con zona de aproximación y transferencia lateral inferior a 1,5 o bien situadas en pendiente, incumpliendo así las condiciones mínimas de seguridad recogidas en la normativa española de accesibilidad, donde se establece por ejemplo que esas plazas de PMR deben ubicarse o situarse, preferentemente, en superficies horizontales o con una pendiente mínima. Ya sabemos que la planificación no es el fuerte de este Gobierno, por lo que ruego que conforme a

profesionalidade e capacidade de xestión, da que evidentemente carece este Goberno, se realice un inventario de todas as prazas PMR que presenten algún tipo de deficiencia ou incumprimento da normativa básica de accesibilidade co fin de que sexan emendadas ou recolocadas, no seu caso, en zonas onde si poidan cumprila.

los criterios de profesionalidad y capacidad de gestión, de la que evidentemente carece este Gobierno, se realice un inventario de todas las plazas PMR que presenten algún tipo de deficiencia o incumplimiento de la normativa básica de accesibilidad con el fin de que sean subsanadas o reubicadas, en su caso, en zonas donde sí puedan cumplirla.

Terceiro. Rogo oral relativo á seguridade viaria en avenida Glasgow.

Tercero. Ruego oral relativo a la seguridad vial en avenida Glasgow.

Rogo oral relativo á seguridade viaria na zona da avenida de Glasgow.

Ruego oral relativo a la seguridad vial en la zona de la avenida de Glasgow.

Estamos a asistir cada certo tempo ás consecuencias de ter o estado deficitario de calzadas e beirarrúas da cidade. No caso de O Birloque e O Martinete atopamos numerosos puntos na rede viaria, calzada e peonil..., calzada e beirarrúa, perdón, nun estado máis que lamentable coas lousas levantadas, bordos rotos e gran cantidade de fochancas, que a pesar de ser parcheados cada certo tempo, volven rexurdir co risco que isto supón para peóns e vehículos que circulan polo barrio, o que axuda a amplificar a sensación de abandono por parte dos veciños.

Estamos asistiendo cada cierto tiempo a las consecuencias de tener el estado deficitario de calzadas y aceras de la ciudad. En el caso de O Birloque y O Martinete encontramos numerosos puntos en la red viaria, calzada y peatonal..., calzada y acera, perdón, en un estado más que lamentable con las losetas levantadas, bordillos rotos y gran cantidad de baches, que pese a ser parcheados cada cierto tiempo, vuelven a resurgir con el riesgo que esto supone para peatones y vehículos que circulan por el barrio, lo que ayuda a amplificar la sensación de abandono por parte de los vecinos.

Por este motivo, rogo que o Goberno municipal tome as medidas oportunas para emendar os puntos deficitarios e máis perigosos para vehículos e viandantes en calzadas e aceirar na contorna de O Birloque e O Martinete, con especial incidencia na avenida de Glasgow e Juan de Arriba. Nada máis e moitas grazas.

Por este motivo, ruego que el Gobierno municipal tome las medidas oportunas para subsanar los puntos deficitarios y más peligrosos para vehículos y viandantes en calzadas y acerar en el entorno de O Birloque y O Martinete, con especial incidencia en la avenida de Glasgow y Juan de Arriba. Nada más y muchas gracias.

Cuarto. Rogo oral relativo ao Trofeo Teresa Herrera de baloncesto.

Cuarto. Ruego oral relativo al Trofeo Teresa Herrera de baloncesto.

<u>Señor Mora do Campo</u>

<u>Señor Mora do Campo</u>

Boas tardes. O Trofeo Teresa Herrera de fútbol é un dos máis importantes que se

Buenas tardes. El Trofeo Teresa Herrera de fútbol es uno de los más importantes que se

disputan no noso país. Nacido en 1946, considéraselle o decano dos que se disputan no verán e ao longo de todos estes anos foise gañando o prestixio co que conta. En 2013 o Goberno municipal do Partido Popular instaura a modalidade feminina do torneo, que vén disputándose desde entón con cada vez máis repercusión. Pola súa banda, o Trofeo Teresa Herrera de baloncesto leva anos tentando facerse un oco no calendario de cada pretemporada, non sen dificultade, por diferentes motivos como a falta de convicción, planificación e apoio orzamentario por parte do Goberno municipal. No caso concreto do Trofeo feminino, desde a súa primeira edición, en 2016, só púidose disputar en catro ocasiones, sendo a última en 2022.

Do mesmo xeito que a consolidación do equipo feminino do Real Club Deportivo da Coruña supuxo un impulso para a edición feminina do Teresa Herrera, o ascenso do equipo do Club Maristas á segunda máxima categoría do baloncesto feminino nacional debería supoñer un punto de inflexión.

Por todo iso, o Grupo municipal do Partido Popular roga ao Goberno municipal que apoie de maneira decidida a organización do Trofeo Teresa Herrera de baloncesto feminino en colaboración co Club Maristas destinando o orzamento necesario que garanta a súa viabilidade. Moitas grazas.

Ás trece horas e trinta e seis minutos entra no Salón de Sesións a señora Veira González.

Quinto. Rogo oral relativo á limpeza e mantemento das beirarrúas de Monte Alto.

Señora No Varela

Rogo oral relativo á limpeza e

disputan en nuestro país. Nacido en 1946, se le considera el decano de los que se disputan en verano y a lo largo de todos estos años se ha ido ganando el prestigio con el que cuenta. En 2013 el Gobierno municipal del Partido Popular instaura la modalidad femenina del torneo, que viene disputándose desde entonces con cada vez más repercusión. Por su parte, el Trofeo Teresa Herrera de baloncesto lleva años intentando hacerse un hueco en el calendario de cada pretemporada, no sin dificultad, por diferentes motivos como la falta de convicción, planificación y apoyo presupuestario por parte del Gobierno municipal. En el caso concreto del Trofeo femenino, desde su primera edición, en 2016, solo se ha podido disputar en cuatro ocasiones, siendo la última en 2022.

Al igual que la consolidación del equipo femenino del Real Club Deportivo de La Coruña supuso un impulso para la edición femenina del Teresa Herrera, el ascenso del equipo del Club Maristas a la segunda máxima categoría del baloncesto femenino nacional debería suponer un punto de inflexión.

Por todo ello, el Grupo municipal del Partido Popular ruega al Gobierno municipal que apoye de manera decidida la organización del Trofeo Teresa Herrera de baloncesto femenino en colaboración con el Club Maristas destinando el presupuesto necesario que garantice su viabilidad. Muchas gracias.

A las trece horas y treinta y seis minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Veira González.

Quinto. Ruego oral relativo a la limpieza y mantenimiento de las aceras de Monte Alto.

Señora No Varela

Ruego oral relativo a la limpieza y

mantemento de beirarrúas de Monte Alto.

Numerosos veciños da zona de As Lagoas e Monte Alto denuncian o grave deterioro das beirarrúas e a calzada de moitas das súas rúas, unha situación que se prolonga desde hai anos e que afecta á seguridade, á limpeza e á calidade de vida do barrio.

Por todo iso, rogo ao Goberno municipal que atenda esta reclamación veciñal e proceda á reparación urxente das beirarrúas para garantir a seguridade dos peóns dado que o seu avanzado estado de deterioro xa provocou caídas entre os residentes.

Rogo tamén o arranxo integral das calzadas afectadas que presentan numerosas fochancas e danos como consecuencia da falta de mantemento, o reforzo inmediato de servizos de limpeza na zona ante a acumulación permanente de sucidade e excrementos de diferente procedencia que xeran problemas de salubridade e imaxe para o barrio.

Así mesmo, solicitamos que se informe se se van realizar obras nas zonas específicas como na rúa Vila de Carral, Washington ou San Xurxo, por detrás da zona museística da Domus. Monte Alto non pode seguir esperando mentres os veciños conviven cada día con beirarrúas sucias e perigosas, con fochancas e con falta de mantemento, nunha zona que leva demasiado tempo esquecida polo Goberno municipal.

Sexto. Rogo oral relativo aos pasos de peóns.

Rogo oral relativo aos pasos de peóns.

Ante as queixas trasladadas por numerosos veciños de Monte Alto, así como en incontables zonas da Coruña,

mantenimiento de aceras de Monte Alto.

Numerosos vecinos de la zona de As Lagoas y Monte Alto denuncian el grave deterioro de las aceras y la calzada de muchas de sus calles, una situación que se prolonga desde hace años y que afecta a la seguridad, a la limpieza y a la calidad de vida del barrio.

Por todo ello, ruego al Gobierno municipal que atienda esta reclamación vecinal y proceda a la reparación urgente de las aceras para garantizar la seguridad de los peatones dado que su avanzado estado de deterioro ya ha provocado caídas entre los residentes.

Ruego también el arreglo integral de las calzadas afectadas que presentan numerosos baches y desperfectos como consecuencia de la falta de mantenimiento, el refuerzo inmediato de servicios de limpieza en la zona ante la acumulación permanente de suciedad y excrementos de diferente procedencia que generan problemas de salubridad e imagen para el barrio.

Asimismo, solicitamos que se informe si se va a realizar obras en las zonas específicas como en la calle Villa de Carral, Washington o San Jorge, por detrás de la zona museística de la Domus. Monte Alto no puede seguir esperando mientras los vecinos conviven cada día con aceras sucias y peligrosas, con baches y con falta de mantenimiento, en una zona que lleva demasiado tiempo olvidada por el Gobierno municipal.

Sexto. Ruego oral relativo a los pasos de peatones.

Ruego oral relativo a los pasos de peatones.

Ante las quejas trasladadas por numerosos vecinos de Monte Alto, así como en incontables zonas de A Coruña, ruego al

rogo ó Goberno municipal que revise o estado dos pasos de peóns da cidade; rogo que inspeccione a sinalización horizontal existente, xa que nalgúns casos, os pasos de peóns a penas son visibles polo desgaste da pintura e noutros, a pintura utilizada resulta especialmente esvaradía cando chove, provocando caídas de peóns e situacións de perigo por derrapaxes de motos, coches e autobuses. Ademais, solicitamos que se proceda ao seu repintado ou corrección alí onde resulte necesario para garantir unhas condicións adecuadas de seguridade viaria.

Gobierno municipal que revise el estado de los pasos de peatones de la ciudad; ruego que inspeccione la señalización horizontal existente, ya que en algunos casos, los pasos de peatones a penas son visibles por el desgaste de la pintura y en otros, la pintura utilizada resulta especialmente resbaladiza cuando llueve, provocando caídas de peatones y situaciones de peligro por derrapes de motos, coches y autobuses. Además, solicitamos que se proceda a su repintado o corrección allí donde resulte necesario para garantizar unas condiciones adecuadas de seguridad vial.

Señora Rey, tan preocupante é un paso de peóns que non se ve como uno que se converte nunha pista de patinaxe cando chove. Moitas grazas.

Señora Rey, tan preocupante es un paso de peatones que no se ve como uno que se convierte en una pista de patinaje cuando llueve. Muchas gracias.

Sétimo. Rogo oral relativo ás escaleiras mecánicas de Santo Agostiño.

Séptimo. Ruego oral relativo a las escaleras mecánicas de San Agustín.

Señor Coira Andrade

Señor Coira Andrade

Rogo relativo ás escaleiras mecánicas de San Agustín.

Ruego relativo a las escaleras mecánicas de San Agustín.

Reiteradamente, case cada Pleno, presentamos un rogo oral a respecto das queixas dos veciños sobre as escaleiras mecánicas de Santo Agostiño, sen que ata o momento o Goberno municipal fixera nada ó respecto. Unha vez máis, atendendo ás numerosas peticións dos usuarios destas escaleiras que hoxe son unha avaría permanente, volvemos facer un rogo e pedir á alcaldesa que dea as oportunas instrucións para que os Servizos municipais procedan ó arranxo destas escaleiras que unen a rúa Pío XII con rúa Praza e que faga boa a frase de que a acción máis pequena é moito mellor que as intencións máis grandes. Iso é só unha escaleira mecánica, por favor, están desesperados todos os días os veciños, é incrible que non sexan capaces de arranxala.

Reiteradamente, casi cada Pleno, hemos presentado un ruego oral al respecto de las quejas de los vecinos sobre las escaleras mecánicas de San Agustín, sin que hasta el momento el Gobierno municipal haya hecho nada al respecto. Una vez más, atendiendo a las numerosas peticiones de los usuarios de estas escaleras que hoy son una avería permanente, volvemos a hacer un ruego y pedir a la alcaldesa que dé las oportunas instrucciones para que los Servicios municipales procedan al arreglo de estas escaleras que unen la calle Pío XII con la calle Plaza y que haga buena la frase de que la acción más pequeña es mucho mejor que las intenciones más grandes. Eso es solo una escalera mecánica, por favor, están desesperados todos los días los vecinos, es increíble que no sean capaces de arreglarla.

Nada máis e moitas grazas.

Presidencia

Ben, pois moitas grazas ó Grupo Popular.

Rogos escritos.

ROGOS ESCRITOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Primeiro. Rogo escrito sobre un cabo de telecomunicación desprendido e pendurando sobre a beirarrúa, á altura do número 14 da rúa Rafael Bárez Vázquez.

Que o Goberno municipal realice as xestións oportunas ante os responsábeis desta situación para asegurar o bo estado do tendido de telecomunicacións á altura do número 14 da rúa Rafael Bárez Vázquez, evitando que haxa cabos desprendidos e que penduren sobre a beirarrúa.

Segundo. Rogo escrito sobre o deterioro da beirarrúa no tramo final da rúa Juan Flórez.

Que o Goberno municipal amañe o deterioro da beirarrúa do tramo final da rúa Xoán Flórez e procure unha solución eficaz para evitar a invasión do espazo peonil por vehículos de carga.

Intervencións

Presidencia

Remata o pleno ordinario. Feliz día a todos.

Ó non haber máis asuntos que tratar, e ás trece horas e corenta e un minutos, a

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Bien, pues muchas gracias al Grupo Popular.

Ruegos escritos.

RUEGOS ESCRITOS PRESENTADOS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Primero. Ruego escrito sobre un cable de telecomunicación desprendido y colgando sobre la acera, a la altura del número 14 de la calle Rafael Bárez Vázquez.

Que el Gobierno municipal realice las gestiones oportunas ante los responsables de esta situación para asegurar el buen estado del tendido de telecomunicaciones a la altura del número 14 de la calle Rafael Bárez Vázquez, evitando que haya cabos desprendidos y que cuelguen sobre la acera.

Segundo. Ruego escrito sobre el deterioro de la acera en el tramo final de la calle Juan Flórez.

Que el Gobierno municipal arregle el deterioro de la acera del tramo final de la calle Juan Flórez y busque una solución eficaz para evitar la invasión del espacio peatonal por vehículos de carga.

Intervenciones

Presidencia

Termina el pleno ordinario. Feliz día a todos.

No habiendo más asuntos que tratar, a las trece horas y cuarenta y un minutos, la

Presidencia levanta a sesión, e se redacta a presente acta que asinan e autorizan a Alcaldía Presidencia e o secretario xeral; todo elo consonte co disposto no artigo 110.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Presidencia levanta la sesión, y se redacta la presente acta que firman y autorizan la Alcaldía Presidencia y el secretario general; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 110.2 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales.

Anexo

Declaración institucional de adhesión á Declaración da FEMP con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBI (28 de xuño de 2026).

A Corporación municipal da Coruña en Pleno manifesta a súa adhesión a Declaración institucional promovida pola FEMP con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBI, que se conmemora o vindeiro 28 de xuño, cuxo texto se reproduce a continuación:

"Como cada 28 de xuño, as entidades locais súmanse á conmemoración do Día Internacional do Orgullo LGTBI. Esta data recorda a importancia de seguir defendendo a igualdade real e efectiva das persoas LGTBI e de fortalecer unha convivencia democrática baseada no respecto, na liberdade e na dignidade.

Con motivo desta conmemoración, as entidades locais subliñan o seu firme compromiso coa promoción dos dereitos de todas as persoas, coa creación de espazos seguros e coa prevención de calquera forma de discriminación. Os nosos pobos e cidades deben ser lugares nos que cada persoa poida desenvolver libremente o seu proxecto de vida.

Neste día, recoñecemos os avances alcanzados e reafirmamos o compromiso local para seguir traballando por unha sociedade máis xusta e igualitaria. A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) reafirma, un ano máis, o seu compromiso cos valores de igualdade, respecto, liberdade e dignidade.

Anexo

Declaración institucional de adhesión a la Declaración de la FEMP con motivo del Día Internacional del Orgullo LGTBI (28 de junio de 2026).

La Corporación municipal de A Coruña en Pleno manifiesta su adhesión la Declaración institucional promovida por la FEMP con motivo del Día Internacional del Orgullo LGTBI, que se conmemora el próximo 28 de junio, cuyo texto se reproduce a continuación:

"Como cada 28 de junio, las entidades locales se suman a la conmemoración del Día Internacional del Orgullo LGTBI. Esta fecha recuerda la importancia de seguir defendiendo la igualdad real y efectiva de las personas LGTBI y de fortalecer una convivencia democrática basada en el respeto, en la libertad y en la dignidad.

Con motivo de esta conmemoración, las entidades locales subrayan su firme compromiso con la promoción de los derechos de todas las personas, con la creación de espacios seguros y con la prevención de cualquier forma de discriminación. Nuestros pueblos y ciudades deben ser lugares en los que cada persona pueda desarrollar libremente su proyecto de vida.

En este día, reconocemos los avances alcanzados y reafirmamos el compromiso local para seguir trabajando por una sociedad más justa e igualitaria. La Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) reafirma, un año más, su compromiso con los valores de igualdad, respeto, libertad y dignidad.

As entidades locais desempeñan un papel fundamental na promoción de contornas seguras e respectuosas, nas que se valora a diversidade. Seguiremos impulsando políticas públicas que fomenten a igualdade de trato e a protección dos dereitos humanos. Tamén resulta necesario seguir fortalecendo o papel das organizacións da sociedade civil, incluídas as entidades LGTBI, na elaboración de políticas públicas.

Las entidades locales desempeñan un papel fundamental en la promoción de entornos seguros y respetuosos, en las que se valora la diversidad. Seguiremos impulsando políticas públicas que fomenten la igualdad de trato y la protección de los derechos humanos. También resulta necesario seguir fortaleciendo el papel de las organizaciones de la sociedad civil, incluidas las entidades LGTBI, en la elaboración de políticas públicas.

A pesar dos avances logrados en España, aínda persisten situacións de desigualdade e violencia que debemos abordar desde o respecto ao marco constitucional e aos principios de igualdade e liberdade.

A pesar de los avances logrados en España, aun persisten situaciones de desigualdad y violencia que debemos abordar desde el respecto al marco constitucional y a los principios de igualdad y libertad.

Para acadalo, consideramos necesario:

Para alcanzarlo, consideramos necesario:

• Desenvolver campañas educativas e de sensibilización que promovan a igualdade real e efectiva, a convivencia e o respecto á diversidade.

• *Desarrollar campañas educativas y de sensibilización que promuevan la igualdad real y efectiva, la convivencia y el respecto a la diversidad.*

• Crear protocolos de atención ás vítimas de agresións motivadas pola intolerancia ou pola discriminación.

• *Crear protocolos de atención a las víctimas de agresiones motivadas por la intolerancia o por la discriminación.*

• Formar o persoal municipal en materia de diversidade sexual e de xénero.

• *Formar el personal municipal en materia de diversidad sexual y de género.*

• Poñer freo aos discursos de odio contra o colectivo LGTBI que en calquera ámbito lexitiman e fomentan a discriminación e as agresións.

• *Poner freno a los discursos de odio contra el colectivo LGTBI que en cualquier ámbito legitiman y fomentan la discriminación y las agresiones.*

A FEMP expresa o seu apoio ás políticas públicas que promovan a igualdade de oportunidades e o respecto mutuo. A educación, a sensibilización, o diálogo e a actuación coordinada das institucións son ferramentas clave para fortalecer a cohesión social e promover o rexeitamento a calquera manifestación de odio, intolerancia ou violencia.

La FEMP expresa su apoyo a las políticas públicas que promuevan la igualdad de oportunidades y el respeto mutuo. La educación, la sensibilización, el diálogo y la actuación coordinada de las instituciones son herramientas clave para fortalecer la cohesión social y promover el rechazo a cualquier manifestación de odio, intolerancia o violencia.

España avanzou de forma significativa en dereitos e liberdades grazas ao consenso democrático. A defensa dos dereitos das persoas LGTBI non responde a unha cuestión ideolóxica, senón ao compromiso democrático cos dereitos humanos e coa igualdade. por iso, invitamos a todos os gobernos locais a unirse é a esta conmemoración que é tamén un recoñecemento a quen, desde o activismo e os movementos sociais, loitaron durante décadas fronte a persecución, o silencio e a discriminación.

A dignidade, a liberdade e a igualdade deben seguir sendo principios fundamentais na construción de municipios e provincias máis xustos, libres e respectuosos."

España avanzó de forma significativa en derechos y libertades gracias al consenso democrático. La defensa de los derechos de las personas LGTBI no responde a una cuestión ideológica, sino al compromiso democrático con los derechos humanos y con la igualdad. por ello, invitamos a todos los gobiernos locales a unirse es a esta conmemoración que es también un reconocimiento a quienes, desde el activismo y los movimientos sociales, lucharon durante décadas frente a persecución, el silencio y la discriminación.

La dignidad, la libertad y la igualdad deben seguir siendo principios siendo fundamentales en la construcción de municipios y provincias más justos, libres y respetuosos."